



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/15 SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:30 horas do día 7 de agosto de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente accidental D. D. Juan Carlos García Barreiro (delegación por Resolución núm. 217/2026 de data 25-07-2026, BOP nº 144 do 31.07.2026), asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES

- D^a. María Yolanda Valiño Pena
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

AUSENCIAS:

Ningunha

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 23 de xullo de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

Non habendo observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 23 de xullo de 2026.

2.º. Padróns fiscais e dereitos de ingreso

2.1. PADRÓN FISCAL SAF XULLO ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000012

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 6 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PADRÓN FISCAL SAF XULLO ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000012

Vista a ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Coirós, publicada no BOP n.º 124 o 02/07/2014. É obxecto desta Ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Coirós (artigo 1º).

Vista a relación de usuarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar, correspondente ó mes de xullo de 2026 que se xunta á proposta elaborada polos servizos sociais municipais en data 06/05/2026.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de beneficiarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2026, tal e como seguen:

MODALIDADE SERVIZO	Nº USUARIOS PAGAN	Nº USUARIOS EXENTOS	IMPORTES
SAF DEPENDENCIA	33	1	2.211,83€
SAF LIBRE CONCORRENCIA	6	2	153,84 €
TOTAIS	39	3	2.365,67 €

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LXCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será o 20/08/2026.

TERCEIRO.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo á Tesouraría municipal, aos efectos oportunos.

Coirós, a 6 de agosto de 2026

O alcalde accidental

Asinado: Juan Carlos García Barreiro”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

2.2. AUTORIZACIÓN ACOMETIDA AUGA E SANEAMENTO. EXPTE: 2026/U010/000010

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 4 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto:AUTORIZACIÓN ACOMETIDA AUGA E SANEAMENTO. EXPTE: 2026/U010/000010

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 25.03.2026, que literalmente di:”
INFORME TÉCNICO

EXP:2026/U010/000010

DATA: RE-999_845 (16/07/2026)
ASUNTO: AUTORIZACIÓN ACOMETIDA AUGA E SANEAMENTO
INTERESADO: ESPINA & DELFIN SL B15026693
PRESENTADOR: Rocio Pérez González (****563**)
ABONADO: Bibiana Ortiz Deive (****22***)
SITUACIÓN: **Coiros de Arriba sn**
REF CAT: 7789104NH6878N0001PG
DOCUMENTACIÓN: Solicitud de servizo. Uso doméstico

ANTECEDENTES:

- 1º/ Con RE-999_845 (16/07/2026) Rocio Pérez González (****563**) en representación da empresa ESPINA & DELFIN SL B15026693 (concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento) achega a seguinte documentación:
- Instancia xeral solicitando aprobación da solicitude conforme ao artigo 22 do Regulamento de Augas de Coirós
 - Acreditación de representación
 - Solicitud de servizo.

DATOS:

DATOS DO ABONADO	Bibiana Ortiz Deive (****22***)
REF. CATASTRAL	7789104NH6878N0001PG
SERVIZOS SOLICITADOS	- Acometida abastecemento - Contrato/ alta abastecemento - Acometida saneamento - Contrato/ alta saneamento
DOC. APORTADA art 7/22	- DNI - Croquis redes existentes e acometidas - Orzamento

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

	- Notificación concesión de licenza - Escritura propiedade parcela
TARIFA PROPOSTA	Uso doméstico
DESCRICIÓN DAS OBRAS	Rede existente abastecemento: PEØ25 Rede existente saneamento: formigón Ø300 Acometida abastecemento e acometida de saneamento Extensión: -
ORZAMENTO:	Taxa acometida: 918,67€ + 578,46€
PLANO REDES	Croquis
INMOBLE	Licenza vivenda de XGL 23/01/2026
SECTORIAIS	-

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considerase completa.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG)
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
- 4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.
- 5- Lexislación sectorial de aplicación
- 6- Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento. (BOP 43 21/02/2008 modificado BOP 210 de 05/11/2012)
- 7- Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de rede de saneamento e depuración de augas residuais (BOP 43 21/02/2008)
- 8- Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de rede de saneamento e Deputación

CLASIFICACIÓN/ CUALIFICACIÓN DO SOLO E NORMATIVA APLICABLE:

O ámbito obxecto do presente informe atópase en terreos clasificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Coirós como SOLO DE NÚCLEO RURAL.

Disposición transitoria primeira da LSA- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado ou sen planeamento establece no apartado 2.c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

As obras previstas para a acometida de abastecemento e saneamento conectan na rede que discorre segundo a documentación achegada por viario público.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O artigo 162 do PXOM de Coirós establece que o réxime urbanístico do sistema xeral de infraestruturas básicas e servizos será o previsto na lexislación sectorial correspondente.

DOMINIO PÚBLICO:

Coas obras pretendidas é necesario realizar obras no viario de titularidade municipal. As obras serán realizadas pola empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento municipal, servizo que segue a ostentar a condición de servizo público municipal.

TRAMITACIÓN E REGULACIÓN:

O artigo 2 do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento establece que a concesionaria tramitará a executa as acometidas de subministros de auga e saneamento.

O artigo 22 establece que toda persoa que desexe acometida de abastecemento de auga potable e/ou acometida de vertido de augas residuais, fará unha solicitude ao servizo municipal de augas o cal realizará un informe das condicións necesarias para a conexión que entregará no concello para que proceda ao seu estudo e aprobación se o consideran oportuno.

A aprobación por parte do concello será trámite indispensable para proceder á conexión á rede municipal, así como un orzamento, segundo a tarifa vixente, do custo de ditas acometidas, que satisfará o solicitante antes de dar comezo ás obras.

Artigo 34 Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento

Os abonados ao servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se atopen a menos de 100 metros da rede pública, que quedarán obrigatoriamente fora de servizo todas aquelas fosas sépticas que se atopen a esa distancia da rede pública de saneamento.

LEXISLACIÓN SECTORIAL:

Segundo os datos obrantes no Plan Básico Autonómico a parcela conta coas seguintes afeccións sectoriais:

CONCENTRACIÓN PARCELARIA:

A parcela foi obxecto dun proceso de concentración parcelaria. Clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural polo que non precisa de informe.

CONCLUSIÓN:

Non se ve inconveniente na realización da acometida de abastecemento á abonada Bibiana Ortiz Deive (****22**) na vivenda con licenza concedida por XGL de data 23/01/2026 na parcela con referencia catastral 7789104NH6878N0001PG no lugar de Coirós de Arriba sn

Para que conste aos efectos oportunos en Coirós o 27 de xullo de 2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A arquitecta municipal.
Iria Pérez Miranda “

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde accidental

Juan Carlos García Barreiro”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3º. Emerxencias sociais

3.1. Aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000018.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 4 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000018.

Visto o informe presentado pola Traballadora Social, M^a Rosario Cal Dopico, con data 04/08/2026, relativo a un caso de emerxencia social para o expediente 2026/S009/000018.

Consta providencia da Alcaldía e dilixencia “intervido e conforme” emitida pola secretaria-interventora municipal con data 04/08/2026.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Existe crédito axeitado e suficiente na partida “A familias e Institucións sen fins de lucro” partida 231.48000 para facer fronte a este gasto por importe de 158,50 euros.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril (BOP nº 75 do 23/04/2026), o órgano competente para a concesión de “axudas directas cando se acrediten razón de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria” é a Xunta de Goberno Local.

Visto o exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar a petición de axuda económica por emerxencia social para cubrir as necesidades do expediente 2026/S009/000018, polos motivos expostos no informe social de data 04/08/2026 que consta no expediente.

SEGUNDO: Aprobar e ordenar o pagamento por importe de 158,50 euros, que se fará efectivo mediante transferencia bancaria á taxista de Coirós con licenza nº 4.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

Coirós na data da sinatura dixital

O alcalde accidental

Juan Carlos García Barreiro”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Subvencións

4.1. SOLICITUDE DE AXUDA A MULLER POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN SOLICITADA POR MARÍA GUADALUPE CAMPELLO ROUCO. Nº Expediente 2026/A012/000010.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 6 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE AXUDA A MULLER POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN SOLICITADA POR MARÍA GUADALUPE CAMPELLO ROUCO. Nº Expediente 2026/A012/000010.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

As bases para a concesión de axudas por nacemento foron aprobadas polo Pleno na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 19/12/2025, xunto co orzamento do exercicio 2026, e publicadas no BOP nº 123 o xoves 2 de xullo do 2026.

Consta informe da Directora do Centro de Información ás Mulleres de Coirós, Raquel Montero González, de data 16/04/2026, que conclúe:

“Tendo en conta a solicitude presentada o pasado 7 de abril por María Guadalupe Campello Rouco con DNI: 32712328A e domicilio en Coirós de arriba nº7A ,15316 Coirós . Solicita a axuda por nacemento da súa primeira filla Yanira Amado Campello. Dende o CIM informamos que cumpre tódolos requisitos nas bases das axudas por nacemento, para poder ser beneficiaria de dita axuda por nacemento por un importe de 1.000€”

Foi emitido informe de fiscalización previa da fase AD pola interventora municipal en data 06/08/2026, en sentido favorable.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións mediante Resolución 75/2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Conceder unha axuda por nacemento por importe de mil (1.000,00) euros a María Guadalupe Campello Rouco, consonte á solicitude presentada en data 07/04/2026 e rexistro 202600000000165.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe de mil euros (1.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 231 48000 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada, lembrándolle que a axuda concedida será xustificada no prazo de catro meses dende a notificación da concesión da mesma. Esta importe será xustificadas mediante facturas na compra de produtos necesarios para os primeiros meses de vida da menor.

Cuarto.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo ao CIM, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Coiros, a 6 de agosto de 2026.

O alcalde accidental

Asinado: Juan Carlos García Barreiro”



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

5º. Convenios

5.1. Dar conta da aprobación do CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA- AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE CURTIS, ARANGA, SOBRADO, BOIMORTO E COIRÓS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ. EXPTE. 2026/A006/000013

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 232/2026, de data 6 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA- AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE CURTIS, ARANGA, SOBRADO, BOIMORTO E COIRÓS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

EXPEDIENTE: 2026/G003/000274

ANTECEDENTES:

En data 24/07/2026 e rexistro 202690000000282 o Concello de Curtis remite borrador de Convenio de colaboración para a xestión compartida do Servizo de Atención Temperá entre os concellos de Curtis, Sobrado, Aranga, Boimorto e Coirós, que substitúe ao convenio asinado o 30/10/2021 e as súas posteriores addendas. O tenor literal é o seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA- AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE CURTIS, ARANGA, SOBRADO, BOIMORTO Y COIRÓS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá)

Na data sinalada no marxe esquerdo.

REUNIDOS

Comparecen:

D.Alberto Platas Álvarez, Alcalde del Concello de Aranga.

D.Lisardo Santos Ares, Alcalde del Concello de Sobrado.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

D.Javier Fco. Caínzos Vázquez, Alcalde del Concello de Curtis.

D.^a María Jesús Novo , Alcaldesa del Concello de Boimorto.

D.Francisco Quintela , Alcalde/sa del Concello de Coirós.

Todos en nome e representación do seu concello, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio e, para o efecto,

EXPOÑEN:

Primeiro.- *A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*

O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma; entre outras, en materia de prestación de servizos sociais.

Segundo.- *De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, existe a posibilidade de realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.*

Terceiro.- *No Decreto 183/2018, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá reflíctese no seu artigo 3 entre os principios reitores o de descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. En consecuencia, o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación recoñécese como o idóneo para o desenvolvemento deste tipo de servizo.*



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Quinto.- Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s.

Sexto.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Séptimo.- Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúrase como unha solución solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do SERVIZO NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá), mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é fxar as principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá) que se prestará de forma compartida entre os concellos sinalados anteriormente, cuxos alcaldes asinan o presente documento.

Segunda.- Ámbito territorial

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos concellos sinalados na primeira páxina deste documento.

Terceira.- Obxectivos de colaboración

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público

Minorar os custos antieconómicos da prestación illada

Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.

Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa

Valorizar os recursos dispoñibles.

Cuarta.- Xestión compartida do servizo e encomendas de xestión

A xestión do Servizo de Atención Temperá será realizada polo Concello de Curtis, que actuará como entidade xestora da agrupación de concellos para os efectos da execución do presente convenio.

As entidades asinantes acordan designar ao Concello de Curtis como entidade xestora do servizo, encomendándolle expresamente, ao abeiro do disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a realización de todas as actuacións de carácter material, técnico, administrativo, económico e de contratación que resulten necesarias para a organización, funcionamento e correcta prestación do Servizo de Atención Temperá.

A encomenda comprenderá, entre outras actuacións, a tramitación administrativa e económica do servizo, a contratación e xestión do persoal, a solicitude, xestión, xustificación e, se é o caso, reintegro das subvencións e demais axudas públicas, a xestión das instalacións e dos medios materiais adscritos ao servizo, así como cantas actuacións resulten precisas para a súa adecuada prestación.

A presente cláusula ten a consideración de encomenda de xestión, aceptada expresamente por todas as entidades asinantes mediante a formalización deste convenio, sen que resulte necesaria a adopción de acordos adicionais de encomenda por parte dos concellos integrantes no caso de posteriores prórrogas durante a súa vixencia. A encomenda non supón a cesión da titularidade das competencias nin dos elementos substanciais do seu exercicio, correspondendo aos concellos integrantes ditar os actos ou resolucións de carácter xurídico que dean soporte ou nos que se integre a actividade material obxecto da encomenda, de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015.

Quinto.- Condicións concretas das condicións de prestación:

O obxecto do servizo estará exclusivamente integrado polo conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e a súa contorna, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. A atención estenderase ata a data de finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Respecto do equipo humano de traballo encargado da prestación: 1º. Contará cun mínimo de tres integrantes.

2º. Será interdisciplinar e estará integrado por profesionais diferentes de entre os seguintes graos: pedagogía, psicopedagogía, psicoloxía, logopedia, educación social, traballo social, maxisterio, enfermería, terapia ocupacional, fisioterapia e medicina. O persoal deberá de estar especializado en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar, ou acreditar experiencia suficiente nestas materias para a realización das súas funcións.

De acordo co establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais, para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, os servizos de atención temperá deberán comprender as prestacións de:

1º. Diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento.

2º. Desenvolvemento psicomotor.

3º. Desenvolvemento cognitivo.

4º. Desenvolvemento da linguaxe e comunicación.

5º. Desenvolvemento da autonomía.

6º. Desenvolvemento da área social e afectiva.

7º. Apoio, información, habilitación e formación da familia.

Este convenio abrangue tamén a posibilidade de contratación por parte do concello de Curtis, na forma que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

Sexto.- Comisión Mixta-Coordinación

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos deles.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Reunirase en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes. As súas principais funcións serán:

O seguimento da xestión do servizo

Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo á aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo

A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.

A elaboración das súas normas internas de xestión

A interpretación do convenio

A proposta, se é o caso, de adendas

Intervención previa á resolución por incumprimento

Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes

Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sétima.- Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas

Os plenos dos concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder a aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta, de ser o caso.

Neste mesmo prazo, deberán proceder e modificar, se é o caso, as ordenanzas ou regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo, có fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da comisión.

Oitava.- Subvencións e axudas

Para a xestión do servizo ACÓRDASE a solicitude de subvencións convocadas pola Administración autonómica.

Para os efectos de formular solicitude de acordo co disposto na orde, refíctense no ANEXO, as condicións concretas, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante de acordo coas condicións da que especificamente se acordaron, sendo éstas



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

asumidas na totalidade non financiada pola subvención, por parte do Concello de Curtis, o que implica un 0% de inversión para os outros concellos integrantes.

Novena.- Financiamento

O concello de Curtis comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para estes efectos habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas pola secretaria do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certifcarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido. A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será o sinalado no anexo.

Décima.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase polas seguintes causas:

- Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.*
- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan*
- Polo vencemento do prazo de vixencia.*
- Por falta de financiación por parte da Consellería de Política Social e Igualdade Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a execución deste servizo.*

No caso de resolución, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento do obxecto do convenio.

Décimo primeira.- Vixencia do convenio

Entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante a totalidade do período de execución sinalado no anexo e ata que transcorra o prazo establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. 4 anos e 4 prorrogable por acordo expreso.

Décimo Segunda.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera confito.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décimo cuarta.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan na cabeceira.

Asínase o presente convenio, na data sinalda no marxe esquerdo.

D. Alberto Platas Álvarez, Alcalde del Concello de Aranga.

D. Lisardo Santos Ares, Alcalde del Concello de Sobrado.

D. Javier Fco. Caínzos Vázquez, Alcalde del Concello de Curtis.

D.^a María Jesús Novo , Alcaldesa del Concello de Boimorto.

D. Francisco Quintela , Alcalde/sa del Concello de Coirós."

En data 03/08/2026 emite informe a Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar, en sentido favorable.

En data 06/08/2026 emite informe xurídico a secretaria-interventora, en sentido favorable.

Tendo en conta a urxencia requirida polo Concello de Curtis para a aprobación e sinatura do convenio, considerase conveniente aprobalo por resolución da Alcaldía e ratificalo polo Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre, no que respecta á encomenda de xestión.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente a convenios (apartado 5º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026, o órgano competente para acordar a adhesión a este convenio é a Xunta de Goberno Local.

Porén, a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria non vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de realizar cantos trámites sexan necesarios relacionados co mencionado acordo de cooperación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de convenios delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Segundo.- Aprobar o borrador de convenio de colaboración para a xestión compartida do Servizo de Atención Temperá entre os concellos de Curtis, Sobrado, Aranga, Boimorto e Coirós, remitido en data 24/07/2026 e rexistro 202690000000282 polo Concello de Curtis.

Terceiro.- Dar traslado unha certificación da presente resolución ao Concello de Curtis.

Cuarto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que celebre.

Quinto.- Elevar o convenio ao Pleno da Corporación para a súa aprobación na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde accidental Juan Carlos Garcia Barreiro (delegación por Resolución núm. 217/2026 do 25.07.2026). Pola secretaria-interventora tómasese razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

6º. Aprobación de proxectos

6.1. Dar conta da aprobación do proxecto definitivo "Mellora parque Fontelo". POS+Adicional 2a/2026. Expediente: 2026/A003/000001

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 231/2026, de data 6 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

"RESOLUCIÓN"

Asunto: Aprobación do proxecto definitivo "Mellora parque Fontelo". POS+Adicional 2a/2026. Expediente: 2026/A003/000001

ANTECEDENTES:

Visto que o Concello de Coirós, na data do 18/06/2026, presentou solicitude para participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2026" da Deputación Provincial da Coruña, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+2026 , co Proxecto "Mellora Parque Fontelo".

Vista notificación, recibida na data de 02/07/2024, por parte da Deputación, requirindo a emenda de varios puntos no proxecto presentado.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Visto que na data de 29/07/2026, este concello presentou a través da PLATAFORMA SUBTEL da Deputación o proxecto modificado “Mellora Parque Fontelo”, previsto no POS+2026. Complementario.

Vista a notificación da Deputación de A Coruña, na data de 31/07/2026, sobre a documentación presentada, informando favorablemente o proxecto presentado, que foi supervisado polos Servizos Técnicos de Deputación, e onde se nos require a aprobación polo órgano municipal competente do último proxecto modificado.

Visto o proxecto modificado “Mellora Parque Fontelo” redactado polo enxeñeiro Juan Carlos Llamazares, e integrado no expediente de solicitude de subvención á Deputación de A Coruña, POS+Adicional 2a/2026, 2026/A003/000001, cun orzamento de 71.539,47€, que supón 59.123,53€ máis 12.415,94 € en concepto de IVE.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente en materia de proxectos de obras (apartado 4º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026 (BOP nº 75 do 23/03/2026 o órgano competente é a Xunta de Goberno .

Vista a urxencia de aprobar o proxecto para así poder achegar a documentación á Deputación para que esta última poida continuar coa tramitación do expediente POS+Adicional 2a/2026.

Porén, a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria non vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de realizar cantos trámites sexan necesarios relacionados coa mencionada solicitude.

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente (artigo 21 lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e demais normativa), **RESOLVO:**

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de subvencións delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Segundo.- Aprobar o proxecto modificado “Mellora Parque Fontelo” redactado polo enxeñeiro Juan Carlos Llamazares, e integrado no expediente de solicitude de subvención á Deputación de A Coruña, POS+Adicional 2a/2026, 2026/A003/000001, cun orzamento de 71.539,47 €, que supón 59.123,53€ máis 12.415,94 € en concepto de IVE.

Terceiro.- Remitilo á Deputación da Coruña a través da PLATAFORMA SUBTEL á maior brevidade posible.

Cuarto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde accidental Juan Carlos Garcia Barreiro (delegación por Resolución núm. 217/2026 do 25.07.2026). Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A Xunta de Goberno Local queda informada.

A secretaria-interventora explica que se remataron hoxe dous expedientes de contratación que urxe aprobar porque están financiados con subvencións doutras administracións e tamén procede dar conta de dúas resolucións adoptadas pola Alcaldía neste eido por razóns de urxencia.

En consecuencia, o alcalde-presidente accidental introduce neste apartado dous asuntos resolutivos e dúas dacións de conta, non comprendidos na orde do día por vía de urxencia:

- a aprobación do expediente de contratación da obra “Mellora alumeadado público en Espenuca Baixa” (Fondo Compensación Ambiental. PR483C)” mediante contrato menor. Expediente 2026/C002/000032.
- a aprobación do expediente de contratación da obra “Restauración da ponte de madeira sobre o río Mendo para mellora de conectividade. MT814B”. Expediente: 2026C002/000036.
- dar conta da aprobación o expediente de contratación, por procedemento aberto, do “servizo de apertura anticipada, monitoraxe do comedor escolar e servizo de catering da Escola Infantil de Coirós”. Expte. 2026/C004/000006
- dar conta da adxudicación do contrato “Mellora de viais rurais en Fontelo e outros. POS+2025.Ad 4”. EXPEDIENTE: 2026/C003/000001.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasan a tratarse estes asuntos.

7º. Contratacións

7.1. Aprobación do expediente de contratación da obra “Mellora alumeadado público en Espenuca Baixa (Fondo Compensación Ambiental. PR483C)” mediante contrato menor. Expediente 2026/C002/000032.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 6 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación do expediente de contratación da obra “Mellora alumeadado público en Espenuca Baixa (Fondo Compensación Ambiental. PR483C)” mediante contrato menor. Expediente 2026/C002/000032.

Tendo en conta que o Concello de Coirós leva anos realizando importantes melloras nas instalacións de iluminación pública das diferentes parroquias e obtivo unha subvención para a mellora do alumeadado público na Espenuca baixa, procede iniciar o expediente de licitación da mencionada obra.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O prezo do contrato calculouse segundo o establecido no artigo 100 da LCSP, e consta desagregado no prego de prescricións técnicas particulares (proxecto).

Visto que o orzamento base de licitación, como máximo, ascende a contía de 39.719,74 € (IVE incluído), estímase procedente a contratación mediante contrato menor (art. 118 LCSP), por razón da contía, así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que a obra debe estar executada o 31/10/2026.

Visto o informe de necesidade emitido na data do 07/08/2026.

Visto o proxecto redactado por o Enxeñeiro Ramón Romero Lojo, por importe total de 39.719,64 € (32.826,15 € sen IVE), aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 41/2026 de data 27/02/2026.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares de data 07/08/2026, proposto pola secretaria-interventora, que constan no expediente.

Consta retención de crédito na aplicación orzamentaria 165.61900 (proxecto de gasto 2026 2 MLESP 1 1) por importe de 39.719,64 € e segundo o documento RC nº 220260004308.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local do Concello de Coirós, por Decreto 75/2026, de 13 de abril, publicado no BOP nº 75 do 23 de abril do 2026., o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, mediante contrato menor, da obra “Mellora alumeado público en Espenuca Baixa (Fondo Compensación Ambiental. PR483C)”, por importe de trinta e nove mil setecentos dezanove euros e sesenta e catro céntimos (39.719,64 € IVE incluído).

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de trinta e nove mil setecentos dezanove euros e sesenta e catro céntimos (39.719,64 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 165.61900 (proxecto de gasto 2026 2 MLESP 1 1) do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación, o prego de prescrición técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares no Perfil do Contratante da plataforma de contratación do estado.

Coirós, venres 7 de agosto de 2026.

O alcalde accidental.

Juan Carlos García Barreiro”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

7.2. Aprobación do expediente de contratación da obra “Restauración da ponte de madeira sobre o río Mendo para mellora de conectividade. MT814B”. Expediente: 2026C002/000036

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 6 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación do expediente de contratación da obra “Restauración da ponte de madeira sobre o río Mendo para mellora de conectividade. MT814B”. Expediente: 2026C002/000036

Tendo en conta que o Concello de Coirós pretende levar a cabo unha actuación de restauración dunha ponte en estado semiruíno, para mellora de conectividade do ecosistema zonal, sobre zona Rede Natura 2000, subvencionada pola Consellería de Medio Ambiente e cambio climático, a través da ORDE do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, á recuperación e á rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede Natura 2000, nos parques naturais e nas reservas da biosfera de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrència competitiva, procede iniciar o expediente de licitación da mencionada obra.

O prezo do contrato calculouse segundo o establecido no artigo 100 da LCSP, e consta desagregado no prego de prescricións técnicas particulares.

Visto que o orzamento base de licitación, como máximo, ascende a contía de 18.150,00 € (IVE incluído), estímase procedente a contratación mediante contrato menor, por razón da contía (art. 118 LCSP),

Visto o informe de necesidade emitido na data do 07/08/2026.

Visto o proxecto “Restauración da ponte e madeira sobre o río Mendo para mellora de conectividade.”, redactado polo enxeñeiro Juan Carlos Llamazares Díaz (colex. nº 4121), por importe de 18.150,00 € (IVE incluído), que funcionará como prego de prescricións técnicas de data 20/07/2026.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares de data 07/08/2026, proposto pola secretaria-interventora, que constan no expediente.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local do Concello de Coirós, por Decreto 75/2026, de 13 de abril, publicado no BOP nº 75 do 23 de abril do 2026., o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o o proxecto da obra “Restauración da ponte e madeira sobre o río Mendo para mellora de conectividade.”, redactado polo enxeñeiro Juan Carlos Llamazares Díaz (colex. nº 4121), por importe de 18.150,00 € (IVE incluído).

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, a través dun contrato menor, da obra “Restauración da ponte e madeira sobre o río Mendo para mellora de conectividade” por importe de 18.150,00 € (IVE incluído).

Terceiro.- Autorizar un gasto por importe de 18.150,00 € (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 1721 61900 (documento RC 220260004308).



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Cuarto.- Publicar o anuncio de licitación, o prego de prescrición técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares no Perfil do Contratante e na plataforma de contratación do estado.

Coirós, venres 7 de agosto de 2026.

O alcalde accidental

(delegación por Resolución núm. 217/2026 do 25.07.2026)

Juan Carlos García Barreiro"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

7.3. Dación de conta da adxudicación do contrato "Mellora de viais rurais en Fontelo e outros. POS+2025.Ad 4"

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 222/2026, de data 30 de xullo de 2026, que se transcribe literalmente:

"RESOLUCIÓN"

ASUNTO: Adxudicación do contrato "Mellora de viais rurais en Fontelo e outros. POS+2025.Ad 4"

EXPEDIENTE: 2026/C003/000001

ANTECEDENTES:

Por acordo do Pleno de data 26/12/2025, apróbase o proxecto da obra "Mellora de viais rurais en Fontelo e outros. POS+2025.Ad 4.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/06/2026, apróbase o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado e os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Na data 18/06/2026 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Coirós. O prazo de presentación de ofertas rematou o 08/07/2026.

Considerando que a mesa de contratación procedeu á apertura do SOBRE C "Oferta económica e criterios avaliáveis de forma automática", na data de 09/07/2026, resultando:

"Se Expone"

1.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159): 2026/C003/000001 - Mellora de viais rurais en Fontelo e outros.

Han concurrido las siguientes empresas:

NIF: B15819642 MANTIDO SL Fecha de presentación: 08 de julio de 2026 a las 09:26:20

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Tras la revisión de la documentación aportada por los licitadores la mesa concluye lo siguiente:

Admitir a los siguientes licitadores:

NIF: B15819642 MANTIDO SL

2.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159): 2026/C003/000001 - Mellora de vías rurais en Fontelo e outros.

Una vez remitida la información a la Mesa, ésta ha valorado las proposiciones de acuerdo a los criterios del PCAP de la siguiente manera:

NIF: B15819642 MANTIDO SL:

- Mellora: sinalización horizontal e vertical Valor introducido por el licitador: NON Valor aportado por la mesa: NON

Puntuación: 0 Motivo: No hace mejora.

- Contratación desempleados Valor introducido por el licitador: null Valor aportado por la mesa: null

Puntuación: 0 Motivo: Según PCAP.

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 50094.17 Valor aportado por la mesa: 50094.17

Puntuación: 3.5 Motivo: Según fórmula diputación

- Plan de igualdad Valor introducido por el licitador: null Valor aportado por la mesa: null

Puntuación: 10 Motivo: Según PCAP

- Porcentaxe de mulleres Valor introducido por el licitador: null Valor aportado por la mesa: null

Puntuación: 2.5 Motivo: Según PCAP

- Porcentaxe de persoal fixo Valor introducido por el licitador: null Valor aportado por la mesa: null

Puntuación: 2.5 Motivo: Según PCAP

- Ampliación prazo de garantía Valor introducido por el licitador: 0 Valor aportado por la mesa: 0

Puntuación: 0 Motivo: Según PCAP

3.- Propuesta adjudicación: 2026/C003/000001 - Mellora de vías rurais en Fontelo e outros.

De acuerdo a la evaluación de las propuestas aportadas por los licitadores, la mesa concluye la siguiente lista ordenada de manera decreciente de puntuación de acuerdo a las puntuaciones obtenidas por los licitadores en las diferentes fases:

Orden: 1NIF: B15819642 MANTIDO SL Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 18.5

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Total puntuación: 18.5

4.- Mejor valorado - Requerimiento de documentación: 2026/C003/000001 - Mellora de viais rurais en Fontelo e outros.

Una vez formulada la propuesta de adjudicación por la Mesa de Contratación y comprobado en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas que: la empresa está debidamente constituida, figurando datos de la entidad, domicilio social, objeto social, apoderamientos, cumplimiento de obligaciones tributarias y con la SSSS y clasificaciones vigentes y no está incurso en ninguna prohibición para contratar.

Por tanto la mesa acuerda requerirle garantía definitiva por el importe del 5% del precio de adjudicación, que asciende a 2.504,71 €, otorgando un plazo de siete (7) días hábiles desde en envío de la comunicación electrónica.

Yo, como secretaria, certifico con el visto bueno de la presidenta"

Contestado o requirimento de documentación por parte do licitador na data de 17/07/2026, reúnese a mesa de contratación para revisar a documentación recibida, na data 23/07/2026, resultando:

"(...) 2.- Apertura de Requerimiento de documentación: 2026/C003/000001 - Mellora de viais rurais en Fontelo e outros.

Tras la revisión de la documentación aportada por los licitadores la mesa concluye lo siguiente:

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada polo licitador:

NIF: B15819642 MANTIDO SL

Segundo.- Elevar proposta de adxudicación en favor de NIF: B15819642 MANTIDO SL consonte a seguinte oferta:

-Prezo sen IVE: 50.094,17 euros

- Plan de igualdade: SI

- Ampliación garantía: NON

- Mellora sinalización: NON"

Consta informe de fiscalización previa da fase D en sentido favorable, emitido pola secretaría-intervención municipal, en data 30/07/2026.

Vista a delegación de competencias efectuada pola alcaldía na Xuta de Goberno Local no referente en materia de contratación (apartado 3º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026) o órgano competente para acordar a adxudicación do mencionado contrato é a Xunta de Goberno Local.

Vista a urxencia de adxudicar canto antes o presente contrato para poder ter rematada a obra antes de que cambien as condicións climatolóxicas.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Porén, a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria nos vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de realizar cantos trámites sexan necesarios relacionados co contrato mencionado.

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente (artigo 21 Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa), **RESOLVO:**

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Segundo.- Adxudicar o contrato da obra “Mellora de viais rurais en Fontelo e outros” á empresa MANTIDO SL, con NIF: B15819642, (18,5 puntos) por un prezo do contrato de sesenta mil seiscientos trece coma noventa e cinco euros (60.613,95 €), que supón un importe de 50.094,17 € e 10.519,78 € correspondentes ao Imposto Sobre o Valor Engadido, cun prazo de execución de 4 meses.

Terceiro.- Dispoñer o gasto por importe de 60.613,95 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1532.60900 do vixente orzamento de gastos, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto.- Notificar a adxudicación ao licitador que resultou adxudicatario e publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello de Coirós na Plataforma de contratación do sector público.

Quinto.- Nomear director facultativo das obras ao enxeñeiro Juan Carlos Llamazares. A dirección de obra realízase a través dun contrato menor de servizos, con expediente núm. 2026/C002/000042 tramitado previamente ao expediente de contratación.

Sexto.- Nomear responsable do contrato a Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

7.4. Dar conta da aprobación do expediente de contratación do servizo de apertura anticipada, monitoraxe do comedor escolar e servizo de cátering da escola infantil de Coirós. EXPEDIENTE: 2026/C004/000006

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 225/2026, de data 6 de agosto de 2026 (rectificado por dilixencia de corrección de erros de data 05-08-2026), que se transcribe literalmente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APERTURA ANTICIPADA, MONITORAXE DO COMEDOR ESCOLAR E SERVIZO DE CÁTERING DA ESCOLA INFANTIL DE COIRÓS.

EXPEDIENTE: 2026/C004/000006

ANTECEDENTES:

O Concello de Coirós ven prestando de maneira continuada o servizo de comedor escolar da EEI de Coirós como servizo complementario dirixido ao alumnado do centro. A prestación deste servizo responde a unha necesidade pública permanente, a cal resulta especialmente relevante debido ás características propias dun municipio rural, cunha importante dispersión da poboación e unha limitada oferta doutros servizos de conciliación.

Visto o informe de necesidade, asinado pola técnica do servizo de Educación e Apoio Familiar na data de 29/07/2026.

O prezo do contrato calculouse segundo o establecido no artigo 100 da LCSP, e consta desagregado no Estudo económico de custos.

Visto que o orzamento base de licitación, como máximo, ascende a contía de sesenta e seis mil setecentos corenta coma dezaoto euros (66.740,18 €, IVE incluído), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto, por razón da contía (art. 156 LCSP) e mediante tramitación anticipada (117.2 LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que o servizo debe estar adxudicado antes do 9 de setembro de 2026, data prevista de inicio da actividade.

Visto que, segundo o artigo 99.3 da LCSP, e segundo o obxecto do contrato, prevese a realización independente de dúas partes neste contrato procedendo a división en dous lotes:

1.- LOTE 1: “Servizo de persoal de monitoraxe dos servizos de apertura anticipada e de comedor na EEI do Concello de Coirós”

2.- LOTE 2: “Servizo de cátering do servizo de comedor na EEI do Concello de Coirós”

Visto o prego de prescricións técnicas, estudo económico de custos, criterios de adxudicación de data de 29/07/2026 propostos por a técnica do servizo de Educación e Apoio Familiar, e pregos de cláusulas administrativas particulares proposto pola asesora xurídica de igualdade, de data 04/08/2026, que constan no expediente.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Vista a memoria de data 04/08/2026, na que se xustifica a necesidade desta contratación nos termos do art. 28 da LCSP e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación, na que se fai referencia aos criterios de adxudicación e as condicións especiais de execución.

Visto que as obrigas económicas do contrato abonaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231 22699, correspondente ao exercicio 2026, e o Concello de Coirós ten solicitada á Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a formalización do correspondente convenio de colaboración para o financiamento parcial do servizo de comedor escolar mediante unha achega de 1,00 euro por menú servido, mediante Resolución da Alcaldía núm. 209/2026 de data 22/07/2026, pendente de concesión. A presente contratación tramitase anticipadamente, consonte ao disposto na D.A.3ª LCSP *"2. Poderanse tramitar anticipadamente os contratos (...)aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente."*

Consta informe emitido pola Secretaría-Intervención en data 04/08/2026 respecto do expediente de contratación e pregos, en sentido favorable.

Vista a delegación de competencias efectuada pola alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente en materia de contratación (apartado 3º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026) o órgano competente é a Xunta de Goberno Local.

Vista a urxencia de iniciar canto antes a contratación por motivo dos prazos, xa que o servizo ten que estar iniciado na data do 9 de setembro de 2026.

Porén a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria nos vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de realizar cantos trámites sexan necesarios relacionados co contrato mencionado.

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente (artigo 21 Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa), **RESOLVO:**

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Segundo.- Aprobar o expediente, prego de prescricións técnicas, estudo económico de custos, criterios de adxudicación e pregos de cláusulas administrativas particulares, que rexerá a contratación, por procedemento aberto, do "servizo de apertura anticipada, monitoraxe do comedor escolar e servizo de catering da Escola Infantil de Coirós", por importe de sesenta e seis mil setecentos corenta coma dezaioito euros (66.740,18 €).

Dispónse a apertura do procedemento de licitación na modalidade de tramitación anticipada de gasto, quedando condicionada á formalización do correspondente convenio coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación, o prego de prescricións técnicas, o estudo económico de custos, os criterios de adxudicación e os pregos de cláusulas administrativas particulares.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde accidental Juan Carlos Garcia Barreiro (delegación por Resolución núm. 217/2026 do 25.07.2026). Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas e cincuenta e tres minutos (14:53) o Sr. alcalde-presidente accidental levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

Asinado pola secretaria-interventora, María Cristina Varela García, e polo alcalde accidental, Juan Carlos García Barreiro, no Concello de Coirós, na data expresada á marxe da presente acta.